

Enquisa aos demandantes de emprego

NOTA DE PRENSA

O 13% dos parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia teñen cargas familiares que dificultan a súa incorporación activa ao mercado laboral

A Enquisa aos Demandantes de Emprego é unha estatística de coprodución entre o IGE e a Consellería de Traballo e Benestar que ten como obxectivos coñecer as características e a relación coa actividade deste colectivo

O IGE e a Consellería de Traballo e Benestar executaron no derradeiro trimestre do pasado ano a *Enquisa aos Demandantes de Emprego*, tal e como estaba previsto no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma. O colectivo obxecto de investigación estaba constituído polos demandantes de emprego non ocupados e inscritos a 31 de outubro do 2008 no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os resultados da enquisa amosan que se trata dun colectivo moi heteroxéneo e integrado por persoas con distintas situacións persoais e familiares, que mesmo poderían chegar a comprometer a súa incorporación activa ao mercado laboral.

Este coñecemento ofrece tamén unha información valiosa para explicar porqué as cifras de paro que proveñen de diversas fontes adoitan ser tan dispares. Ao poder analizar polo miúdo as características dos demandantes de emprego, esta aparente disparidade atopa explicacións razoables, que nos permiten concluír que ámbalas dúas, a derivada dos rexistros e a resultante da Enquisa de Poboación Activa, teñen validez en función dos criterios metodolóxicos que están detrás delas e dos obxectivos que se buscan en cada caso, no da enquisa fornecer datos comparables a nivel internacional e no do rexistro dotar á administración de instrumentos para incidir no mercado de traballo a nivel máis local.

Do colectivo de traballadores inscritos como parados rexistrados o 46% declaran que non traballaron pero que si buscaron activamente emprego e ademais estaban dispoñibles para traballar de xeito inmediato. O 45% dos entrevistados manifestaron estar en paro e que non estaban a tomar medidas adicionais á da súa inscrición nas oficinas de emprego para atopar traballo ou ben non estaban dispoñibles para traballar. Entre os segundos están os desanimados (preto do 10%), que adoitan aumentar en épocas de crise, un grupo numeroso de persoas con dificultades para conciliar a súa vida familiar e laboral (13%), outros que declaran estar enfermos (7%) e os que están a cursar estudos ou preparando oposicións (5%).



A distribución por sexo e idade amosa que dentro deste grupo de traballadores inscritos como parados rexistrados e que se clasificarían como inactivos segundo os criterios da OIT predominan as mulleres e que o seu peso aumenta coa idade.

Enquisa aos demandantes de emprego. 2008

Persoas de 16 ou máis anos inscritas como paradas rexistradas no SPE a 31 de outubro do 2008 clasificadas en relación coa actividade e segundo a súa situación na semana de referencia da enquisa

Porcentaxe

Criterio OIT	Total	Homes	Mulleres
Total	100	100	100
Ocupados <i>Traballaron unha hora ou máis por un salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie (inclúe as axudas familiares)</i>	8,8	9,0	8,6
Parados <i>Non traballaron, pero no último mes buscaron activamente emprego e poderían aceptar un no prazo máximo de quince días</i>	45,8	53,9	40,2
Inactivos <i>Non traballaron e no último mes non buscaron activamente emprego, ou sí o buscaron pero non poderían aceptalo se tiveren que se incorporar nun prazo inferior aos quince días, polos motivos seguintes:</i>	45,4	37,1	51,2
<i>Responsabilidades familiares (coidado de nenos, adultos enfermos, discapacitados...)</i>	13,3	4,0	19,9
<i>Enfermidade ou incapacidade</i>	7,4	7,2	7,5
<i>Estudos</i>	5,1	5,0	5,2
<i>Outros (inclúe desanimados)</i>	19,6	20,9	18,7

Fonte: IGE, Consellería de Traballo e Benestar. Enquisa aos demandantes de emprego

Enquisa aos demandantes de emprego. 2008

Persoas de 16 ou máis anos inscritas como paradas rexistradas no SPE a 31 de outubro do 2008 clasificadas en relación coa actividade e segundo a súa situación na semana de referencia da enquisa


Porcentaxe

Criterio OIT	Total	16 a 29 anos	30 a 44 anos	45 anos ou máis
Total	100	100	100	100
Ocupados <i>Traballaron unha hora ou máis por un salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie (inclúe as axudas familiares)</i>	8,8	14,5	8,5	5,7
Parados <i>Non traballaron, pero no último mes buscaron activamente emprego e poderían aceptar un no prazo máximo de quince días</i>	45,8	56,0	51,3	35,0
Inactivos <i>Non traballaron e no último mes non buscaron activamente emprego, ou sí o buscaron pero non poderían aceptalo se tiveren que se incorporar nun prazo inferior aos quince días, polos motivos seguintes:</i>	45,4	29,5	40,2	59,3
<i>Responsabilidades familiares (coidado de nenos, adultos enfermos, discapacitados...)</i>	13,3	5,7	16,2	15,1
<i>Enfermidade ou incapacidade</i>	7,4	1,8	4,0	13,6
<i>Estudos</i>	5,1	10,9	5,6	1,4
<i>Outros (inclúe desanimados)</i>	19,6	11,1	14,4	29,2

Fonte: IGE, Consellería de Traballo e Benestar. Enquisa aos demandantes de emprego

Comparados cos promedios de Galicia, os resultados por provincias indican que en Ourense pesan algo máis os que se clasificarían como inactivos e que en Lugo son relativamente máis frecuentes os que serían considerados como ocupados. Pontevedra presenta unha maior porcentaxe dos parados rexistrados que serían tamén parados segundo os criterios da OIT.

Parados rexistrados clasificados como ocupados, parados e inactivos segundo a OIT. Ano 2008



Fonte: IGE, Consellería de Traballo e Benestar. Enquisa aos demandantes de emprego

Nota: Datos a 31/10/2008

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>